SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

**Oferta persoal Estatutario 2025**
**Persoal de servizos xerais**
**Acceso discapacidade intelectual**

## Primeiro exame: parte común

**Instrucións** en galego

- O exame ten 5 preguntas.
  Debes marcar as respostas na folla de respostas.
  Tamén tes que contestar a pregunta de reserva.

- Tes **media hora** para facer o exame.

- Todas as preguntas teñen 4 respostas.
  Só 1 resposta é correcta.
  As preguntas que respondas ben suman 1 punto.
  As preguntas que deixes en branco non puntúan.
  As preguntas que respondas mal non puntúan.

- Cando termines o exame:
  **Lembra que tes que facer o exame da parte específica,**
  espera as instrucións das persoas da organización.

- Podes descargar o cuestionario de preguntas
  na páxina web www.sergas.es

**Le con atención as normas para cubrir as respostas do exame.**

**1. Os españois votaron a favor da Constitución:**

A) O 5 de decembro de 1978.

B) O 6 de decembro de 1979.

C) O 5 de decembro de 1979.

D) O 6 de decembro de 1978.

**2. De acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia, indique a resposta INCORRECTA:**

A) Galicia é unha nacionalidade histórica.

B) Son galegos os cidadáns españois que vivan nos municipios de Galicia.

C) O Parlamento está formado polo Deputados.

D) O Presidente da Xunta é nomeado polo Parlamento.

**3. O documento que explica como se organiza a prevención de riscos na empresa é:**

A) O plan de prevención.

B) A avaliación de riscos.

C) A planificación da actividade preventiva.

D) O informe do comité de prevención.

**4. En relación cos servizos de atención primaria do Servizo Galego de Saúde, indique a resposta correcta:**

A) Atenderán como máximo a 20 mil persoas.

B) Poden integrar unha ou ningunha unidade de atención primaria.

C) Están situados no centro de saúde que ten mellor localización e estrutura.

D) Non deben ter saúde buco-dental.

**5. Segundo o réxime de selección e provisión de prazas, indique a resposta correcta:**

A) Os profesionais que elixen a promoción interna fixa teñen preferencia para elixir destino.

B) Na promoción interna temporal as funcións e o soldo serán os da praza de orixe.

C) No procedemento de concurso-oposición só se valoran os méritos do aspirante.

D) Todas as fases dun proceso selectivo publícanse no Boletín Oficial do Estado.

Preguntas de reserva

**6. Que título da Constitución española explica as ideas que deben impulsar as normas do país?**

A) O Título Preliminar.

B) O Título 1 capítulo primeiro.

C) O Título 1 capítulo segundo.

D) O Título 2.

0017772232830510300039639104627794790776

0017772232830510300039639104627794790776